


BOLETIN OFICIAL



PARLAMENTO DE GALICIA

III LEXISLATURA

1990

Ano X

N.º 117

4 de marzo de 1991

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN

D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

4. PROPOSICIÓN NON DE LEI EN PLENO

-Do GG.PP. do Bloque Nacionalista Galego e Mixto (PSG-EG), instando ó Goberno do Estado a levar a cabo diversas actuacións políticas e diplomáticas a prol da paz mundial e da interrupción do conflito no Golfo Pérsico (n.º 3.267). 2.651

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

- Do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre a entrada en práctica do Estado Español na guerra do Golfo Pérsico, dada a utilización directa do seu territorio como plataforma para bombardear Irak (n.º 3.341). 2.652

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓNS E DECLARACIÓNS

1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

- Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. José Giráldez Maneiro, sobre o recoñecemento a nivel profesional dos técnicos especialistas en cultivos mariños da rama marítimo-pesqueira de FP2 (n.º 2.519). 2.653

3. OUTRAS RESOLUCIÓNS

- Propostas de resolucións aprobadas no debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro. 2.653

III. TEXTOS REXEITADOS

LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

- | | |
|---|--|
| <p>-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dna. María Pilar García Negro, sobre a escolarización efectiva dos nenos xitanos e cobertura das prazas pendentes en Santiago e Ferrol (n.º 503). 2.661</p> | <p>-Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dna. María Pilar García Negro, sobre a ampliación das exencións da materia de lingua galega no ensino (n.º 782). 2.662</p> |
|---|--|

V. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

c. RECURSOS DE INCONSTITUCIONALIDADE

- Sentencia do Tribunal Constitucional n.º 211/90, de 20 de decembro, dictada no recurso de inconstitucionalidade n.º 1.036/85, promovido polo Goberno do Estado contra a Lei autonómica 9/85, do 30 de xullo, de protección de pedras ornamentais. 2.662

VI. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

L. REXIME INTERIOR

- Constitución e composición da Xunta de Persoal do Parlamento de Galicia. 2.663

VII. ÍNDICE DE TRAMITACIÓNS DO MES DE FEBREIRO DE 1991

I. TEXTOS EN TRAMITACIÓN**D. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN****4. PROPOSICIÓN NON DE LEI EN PLENO****PRESIDENCIA**

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1991, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polos GG.PP. do Bloque Nacionalista Galego e Mixto (PSG-EG), instando ó Goberno do Estado a levar a cabo diversas actuacións políticas e diplomáticas a prol da paz mundial e da interrupción do conflito do Golfo Pérsico (n.º 3.267).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación polo procedemento de urxencia (Art. 98 do Regulamento do Parlamento de Galicia) ante o Pleno do Parlamento de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 65 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (BOPG n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata 6 horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1991.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do BNG e mailo Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa do PSG-EG, ó abeiro do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei coa petición de que sexa tramitada pola vía de urxencia.

Ante o conflito bélico desencadeado no Oriente Medio dende o pasado día 16 de xaneiro, o complexo urdido de problemas pendentes de solución nesa área do planeta e que acabaron por desembocar no estoupido desa guerra, a implicación do Estado español no mesmo co seu apoio loxístico, a conseguinte implicación do pobo galego atinxido como nación integrada nese

Estado na súa forma actual, e moi especialmente a ameaza que gravita sobre a mocidade galega sometida á obriga do servizo militar, tanto na forma actual da implicación do Estado nese conflito coma máis gravemente aínda no caso de estenderse o conflito e involucrar plenamente os estados membros da OTAN, preséntase esta proposición non de lei pola que o Parlamento insta á Xunta de Galicia a lle trasladar ó Goberno do Estado a vontade do pobo galego expresada a través desta Cámara e solicitar:

1.—A máxima enerxía nunha actividade política e diplomática a prol da paz mundial, e singularmente no Oriente Medio, a través de tódolos diversos foros, instancias e canles de relación internacional.

2.—A máxima enerxía nun labor, todo o intenso que sexa posible a prol da inmediata interrupción do conflito bélico.

3.—A retirada dos buques do Estado español desprazados como apoio loxístico na área do conflito e o paso á neutralidade absoluta do dito Estado, como requisito necesario para a credibilidade, a autoridade moral e a forza diplomática e política da actuación do Goberno do Estado a prol dos obxectivos enunciados nos puntos precedentes.

4.—A esixencia polo Estado español nas Nacións Unidas da inmediata convocatoria dunha conferencia internacional que acade a solución por vía política e diplomática dos graves problemas pendentes de solución racional e pacífica no Oriente Medio e causantes dunha crise prolongada, da cal o conflito bélico actual é unha consecuencia trágica, dándolles ós países árabes a iniciativa que conxuntamente lles corresponde e sen a cal o problema político desa área do planeta non obterá solución racional, equitativa nin satisfactoria.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 1991.

Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. do BNG

Camilo Nogueira Román
Deputado do G.P. Mixto (PSG-EG)

Cándido Sánchez Castiñeiras
Portavoz do G.P. Mixto

4. PROPOSICIÓN NON DE LEI EN COMISIÓN

PRESIDENCIA

Por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, adoptado en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 1991, admítase a trámite a Proposición non de lei formulada polo G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre a entrada en práctica do Estado español na guerra do Golfo Pérsico, dada a utilización directa do seu territorio como plataforma para bombardear Irak (n.º 3.341).

Así mesmo, acórdase a súa tramitación na Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior.

En cumprimento do disposto nos artigos 165 e 161.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, do 14 de xullo de 1983 (BOPG n.º 150), ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Cámara.

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do comezo da sesión na que haxa de debaterse, de conformidade co artigo 161.2 do citado regulamento.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 1991.

O VICEPRESIDENTE 1.º
José María García Leira

Sr. Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

O G.P. Mixto, a iniciativa do deputado do Partido Socialista Galego-Esquerda Galega Camilo Nogueira Román, de acordo cos dereitos que lle outorga o regulamento, presenta a seguinte Proposición non de lei, para debate en Comisión, sobre a entrada práctica do Estado español na guerra do Golfo Pérsico, dada a utilización directa do seu territorio como plataforma para bombardear Irak.

Proposición non de lei:

O territorio do Estado español serve hoxe como base para o bombardeo de Irak, mediante os B-52 que parten de Morón, na provincia de Sevilla.

O Estado español encóntrase así directamente en guerra, en contra das ambiguas e conscientemente enganosas palabras do presidente do Goberno central, cando manifestara que a participación de España era indirecta, pretendendo reducir esa participación, na conciencia pública, á presenza no Golfo de dúas corbetas e unha fragata, coa misión de levar a adiante o embargo decretado pola ONU. Perde así sentido a cuestión de se o Estado español acudiría como membro da OTAN en axuda de Turquía se ese país fose atacado por Irak. O Estado español está tan en guerra coma Turquía, formando parte do grupo de países aliados dos EEUU que actúan directamente na guerra do Golfo.

A participación do Estado español na guerra, unha aventura sen retorno, é gravemente prexudicial para os pobos do Estado e para a causa do progreso e da paz.

Negando ou agochando esta realidade o Goberno central ten unha actitude hipócrita. Non dando conta da mesma ante a sociedade e a representación parlamentaria, a súa posición convértese en profundamente antidemocrática.

A guerra do Golfo causa problemas e sufrimentos moi superiores ós xa producidos pola invasión de Kuwait por parte de Irak, sendo as súas consecuencias dunha gravidade imprevisible. Tódolos problemas de Oriente Medio e do Golfo, incluído o problema palestino, necesitan dunha solución global. Para-la guerra é o obxectivo necesario para que esta solución sexa posible.

Por todos estes motivos preséntase ante o Parlamento de Galicia, máxima representación democrática do noso pobo, a seguinte Proposición non de lei:

1.—O Parlamento de Galicia rexeita a participación do Estado español na guerra, tanto a través do apoio loxístico xeral ós EEUU coma na utilización de bases militares situadas no territorio español, como plataformas de despegue dos bombardeiros B-52 que atacan directamente o territorio de Irak.

2.—O Parlamento de Galicia maniféstase contra a guerra e defende os métodos pacíficos como únicos válidos para resolver os problemas de Oriente Medio e o Golfo Pérsico.

Santiago, 4 de febreiro de 1991.

Asdo.: **Camilo Nogueira Román**
Deputado do PSG-EG e portavoz do G.P. Mixto

II. TEXTOS APROBADOS

I. RESOLUCIÓNS E DECLARACIÓNS

1. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

PRESIDENCIA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, en reunión celebrada o día 22 de febreiro de 1991, no punto 2.º da orde do día, aprobou, por unanimidade, a Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño e D. José Giráldez Maneiro, sobre o recoñecemento a nivel profesional dos técnicos especialistas en cultivos mariños da rama marítimo - pesqueira de FP2 (doc. n.º 2.519, publicado no BOPG n.º 84, do 24 de novembro de 1990), sen modificacións respecto do texto orixinal e co contido literal seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

—Que os titulados en Formación Profesional como 'técnicos especialistas en cultivos mariños', incluídos na rama marítimo - pesqueira de FP da Consellería de Educación, sexan recoñecidos a nivel profesional para tódolos efectos».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 1991.

O VICEPRESIDENTE 2.º

Antonio Carro-Fernández Valmayor

3. OUTRAS RESOLUCIÓNS

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 1, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A intensifica-lo seu esforzo para establecer respecto da produción leiteira un marco de negociación estable entre os produtores e as industrias lácteas».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día,

«Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 4, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que o programa de mellora de infraestructuras en zonas de montaña sexa realizado en colaboración con tódolos concellos así clasificados, atendendo a criterios de solidariedade, xusticia e cobertura de servizos básicos ós núcleos de poboación.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE

Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e de-

senvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 18, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

Á presentación dos resultados do sistema educativo en forma de taxas de escolarización por niveis e provincias segundo os datos do último curso académico.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 22, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A redactar e poñer en marcha un plan de fomento do turismo xuvenil que terá continuidade nos exercicios de 1992 e 1993, a fin de estimular os mozos europeos e particularmente, os galegos, a coñecer mellor as culturas e modos de vida dos pobos que conforman Europa.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e de-

senvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 24, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A elaborar un plan coordinado de actuacións tendentes a ampliar a oferta turística de Galicia a outras estacións do ano, ademais da estival, aproveitando as súas posibilidades e atractivos nos ámbitos gastronómico, etnográfico, folclórico, feiral, festivo, de patrimonio histórico - artístico, máxico, museístico, etc.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 25, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que, superando as demoras existentes, remita o Plan hidrolóxico de Galicia costa e o Plan de infraestructuras das concas intercomunitarias.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da

autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 26, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que proceda urxentemente a dotacións de centros de tratamento para residuos sólidos urbanos dos concellos de Galicia.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 27, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que proceda de xeito urxente á posta real en funcionamento do canon de vertido.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 31, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

Para que complete a rede básica de estradas competencia da Comunidade Autónoma no horizonte do ano 1993.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 35, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que incremente de xeito substancial as axudas que se lles van conceder ós concellos para a elaboración dos seus planeamentos urbanísticos, conscientes de que, o mesmo, constitúe un factor decisivo para a construción de novas vivendas e para a obxectivación dos seus fins territoriais, e que as ditas axudas afecten a un número non inferior de 70 concellos para o ano 1991.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 36, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que presente, no prazo de tres meses, un informe sobre as previsións oficiais de distribución do gas natural en Galicia, que sirva de referencia para articular a participación das diversas administracións públicas e do sector privado.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 49, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A lle remitir de inmediato á Cámara os resultados da campaña marisqueira de 1990-91, con especial incidencia sobre rendibilidade dos bancos, subvencións ás confrarías para limpeza de praias e bancos naturais, así como análise territorial de aumentos da produtividade, se se teñen producido».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a

proposta de resolución n.º 54, do G.P. dos Socialistas de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A poñer en práctica de xeito inmediato medidas de apoio económico ás asociacións profesionais pesqueiras cara a poñer en práctica estudos de introspección de mercados, que permitan un mellor coñecemento das posibilidades que para os produtos do mar se abren en España, na CEE e, especialmente na Europa do leste».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 105, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A realiza-las xestións necesarias co Goberno do Estado para o traspaso das funcións e dos medios persoais, materiais e financeiros en materia de servizos sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña (ISM)».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día,

«Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 109, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A presentar ante o Parlamento de Galicia, antes do 30 de abril de 1991, o Plan forestal de Galicia».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 110, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A presentar un plan especial de apoio ó sector leiteiro, co obxecto de paliar-la problemática que está a sufrir este sector».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por 45 votos a fa-

vor, 0 en contra e 27 abstencións, a proposta de resolución n.º 111, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A realiza-las xestións oportunas co obxecto de poder conseguir que nas próximas eleccións ó Parlamento Europeo, Galicia sexa circunscrición electoral».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 112, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A realizar, coa maior urxencia, as xestións oportunas e necesarias co obxecto de conseguir que o galego sexa considerado como lingua oficial no Parlamento europeo».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por 45 votos a fa-

vor, 0 votos en contra e 27 abstencións, a proposta de resolución n.º 115, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A continuar realizando as xestións oportunas para que a rede de gas natural de Galicia entre en servizo antes de finaliza-lo ano de 1995».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 116, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A acelera-los traballos que se veñen levando a cabo para que o parque tecnolóxico de Galicia ubicado en Ourense entre en servizo antes do ano 1993».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 117, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A presentar no Parlamento de Galicia o Proxecto de bases de ordenación do territorio, necesario para a vertebración da nación galega e para unha maior racionalización das accións de goberno».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 119, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A presentar ante o Parlamento, antes do 31 de marzo de 1991, o Plan Xacobeo 93».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou, por unanimidade, a proposta de resolución n.º 121, do G.P. Mixto, a iniciativa de Coalición Galega, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A que, antes do remate de 1993, a cobertura da RG e da TVG chegue de feito a tódalas comarcas e áreas territoriais do noso país».

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por 46 votos, a favor, 0 en contra e 27 abstencións, a proposta de resolución n.º 124 (punto 5), do G.P. Mixto, a iniciativa do PSG-EG, co contido literal seguinte:

«O Parlamento reclama a inclusión inmediata de Galicia na previsión para os próximos anos de postas en marcha do tren de alta velocidade. Insta á Xunta a reclamar enerxicamente esta reclamación ante as institucións do Estado e da CEE.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 124 (punto 7), do G.P. Mixto, a iniciativa do PSG-EG, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A instrumenta-las medidas políticas e económicas precisas para garantir nos próximos anos o desenvol-

vemento da produción láctea galega, ata logra-los niveis propios dos países da Comunidade Europea, de tal xeito que o conxunto da produción sexa transformada industrialmente en Galicia.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 124 (punto 8), do G.P. Mixto, a iniciativa do PSG-EG, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A toma-las medidas precisas para garanti-lo emprego do futuro de ASTANO como constructor de buques e o desenvolvemento industrial da comarca de Ferrol.

Insta igualmente á Xunta a que calquera decisión sobre o futuro de ASTANO na que participe o Goberno galego sexa precisamente coñecida e debatida neste Parlamento.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por 46 votos a favor, 0 en contra e 27 abstencións, a proposta de resolución n.º 125, do G.P. Popular de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

Para que, dentro das negociacións para o efecto emprendidas co Goberno central, reclame deste a rápida transferencia das competencias que á Comunidade Autónoma galega lle outorga o Estatuto de autonomía sobre o Instituto Español de Oceanografía e en materia de ordenación pesqueira, portos pesqueiros e industriais de transformación de pesca.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 126, do G.P. Popular de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A dirixirse á Administración central esixindo o establecemento dunha negociación ininterrompida ata lograr un acordo sobre o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e dos medios persoais, materiais e financeiros en materia de servizos sanitarios dependentes do Instituto Social da Mariña.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día,

«Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por unanimidade, a proposta de resolución n.º 127, do G.P. Popular de Galicia, co contido literal seguinte:

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia:

A facer efectiva coa maior brevidade a integración de tódolos centros sanitarios dependentes das administracións locais no Servizo Galego de Saúde co fin de acadalo mellor nivel posible de atención sanitaria á poboación galega mediante a óptima utilización de tódolos recursos sanitarios públicos de Galicia.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por maioría, en votacións independentes por puntos, a proposta de resolución n.º 128, do G.P. Popular de Galicia, co contido literal seguinte:

O Parlamento de Galicia expresa o seu propósito de que a Comunidade Autónoma de Galicia participe activamente na construción de Europa conforme ós seguintes principios:

1) O da subsidiariedade, entendido como especialización da Comunidade Autónoma en tódalas actuacións onde se revele máis eficiente.

2) O da participación rexional mediante o reforzamento de representatividade ante o Consello de Ministros da CEE, cando estean en xogo competencias exclusivas ou intereses fundamentais do nivel rexional propio.

3) O da participación rexional conxunta que garanta a posibilidade de participar, desde a fase inicial, no proceso de toma de decisións comunitarias, creándose para tales efectos a medio prazo o Consello das Rexións e a longo prazo o Senado Europeo das Rexións.

4) O do dereito de apelación das rexións respecto das decisións do Consello de Ministros e da Comisión Europea.

5) O da asignación a cada rexión europea da natureza de circunscrición electoral das eleccións ó Parlamento europeo.

Para tal efecto, o Parlamento require á Xunta de Galicia para que demande do Goberno central as necesarias accións tendentes a conseguirla incorporación dos devanditos principios ós tratados europeos en calidade de principios constitucionais.

Tamén require o Parlamento galego á Xunta para que demande do propio Goberno central as precisas accións tendentes ó recoñecemento da lingua galega como idioma comunitario, nos mesmos termos que se acordase respecto da lingua catalana.

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

PRESIDENCIA

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 21 de febreiro de 1991, no punto único da orde do día, «Debate de política xeral sobre proceso evolutivo da autonomía, actual situación e a súa articulación e desenvolvemento futuro», aprobou por maioría, en votacións independentes por puntos, a proposta de resolución n.º 129, do G.P. Popular de Galicia, co contido literal seguinte:

III. TEXTOS REXEITADOS

LL. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

PRESIDENCIA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, en reunión celebrada o día 22 de febreiro de 1991, no punto 2.º da orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do

«O Parlamento insta á Xunta de Galicia para que reclame do Goberno central as necesarias accións, para desenrolar a medio prazo, tendentes a lle outorgar ó Senado unha maior competencia territorial, que o configure como foro de discusión e motor capaz de asegura-la equilibrada articulación das autonomías dentro do sistema constitucional.

Para tal efecto proponlle ó mesmo Parlamento as seguintes medidas:

A) A reforma constitucional do artigo 69, a fin de fixar en 150 o número de senadores elixibles no conxunto do territorio español; e noutros 150 os elixibles polos parlamentos autonómicos; erixindo ó mesmo Senado en auténtica Cámara colexisladora na que se terán que iniciar as discusións parlamentarias substanciais para o desenvolvemento autonómico e especialmente as relativas ó financiamento das comunidades autónomas, a fin de garantir un suficiente nivel financeiro e a aplicación do principio de solidariedade.

B) O desenvolvemento por lei orgánica do artigo 131 da Constitución para formar un Consello autonómico destinado a coordinar a planificación do Estado central e das comunidades autónomas, así como das súas políticas económicas.

Á par expresa o Parlamento galego a súa postura de que nas actuacións do Senado, e conforme ó seu Regulamento, se poida usar a lingua propia de cada Comunidade, de acordo co correspondente Estatuto.»

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. Pilar García Negro, sobre a escolarización efectiva dos nenos xitanos e cobertura das prazas pendentes en Santiago e Ferrol (doc. n.º 503, publicado no BOPG n.º 84, do 24 de novembro de 1990).

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 1991.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro-Fernández Valmayor

PRESIDENCIA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, en reunión celebrada o día 22 de febreiro de 1991, no punto 2.º da

orde do día, rexeitou a Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. Pilar García Negro, sobre a ampliación das exencións da materia de lingua galega no ensino (doc. n.º 782, publicado no BOPG n.º 84, do 24 de novembro de 1990).

O que se publica para xeral coñecemento, ó abeiro do disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 1991.

O VICEPRESIDENTE 2.º
Antonio Carro-Fernández Valmayor

V. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

c. RECURSOS DE INCONSTITUCIONALIDADE

PRESIDENCIA

A Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 16 de xaneiro de 1991, tivo coñecemento da sentenza do Tribunal Constitucional n.º 211/90, do 20 de decembro, dictada no recurso de inconstitucionalidade núm. 1.036/85, promovido polo Goberno do Estado contra a Lei autonómica 9/85, do 30 de xullo, de protección das pedras ornamentais.

En cumprimento do artigo 65 do Regulamento e para os efectos previstos no artigo 38.1 da Lei orgánica 2/79, do 2 de decembro, ordénase a súa publicación e a da decisión da sentenza no BOPG.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

Sentencia do Tribunal Constitucional
n.º 211/90, do 20 de decembro, pronunciada
no recurso de inconstitucionalidade
n.º 1.036/85, promovido polo Goberno do
Estado contra a Lei autonómica 9/85,
do 30 de xullo, de protección de pedras
ornamentais

O Pleno do Tribunal Constitucional, composto por don Francisco Tomás y Valiente, presidente, don Francisco Rubio Llorente, vicepresidente, don Fernando García-Mon y González-Regueral, don Carlos de la Vega Benayas, don Miguel Rodríguez-Piñeiro y Bravo-Ferrer, don Jesús Leguina Villa, don Luis López Guerra, don José Luis de los Mozos y de los Mozos, don Alvaro Rodríguez Bereijo, don José Vicente Gimeno

Sendra y don José Gabaldón López, magistrados, pronunciou

No nome de El-Rei

a seguinte

SENTENCIA

No recurso de inconstitucionalidade n.º 1.036/85, promovido polo avogado do Estado, en representación do Goberno da nación, contra a totalidade da Lei 9/1985, do 30 de xullo, do Parlamento de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia n.º 157, do 10 de agosto de 1985, e, subsidiariamente, contra o artigo 3, parágrafo cuarto, o artigo 7 e o artigo 9 da mesma. Foron partes a Xunta de Galicia, representada polo xefe da súa Asesoría Xurídica, e o Parlamento de Galicia, representado polo seu presidente. Foi ponente o maxistrado don Miguel Rodríguez-Piñeiro y Bravo-

Ferrer, quen expresa o parecer do tribunal.

DECISIÓN

En atención a todo o exposto, o Tribunal Constitucional, pola autoridade que lle confire a Constitución da nación española

DECIDIU

Desestima-lo presente recurso de inconstitucionalidade. Publíquese esta sentenza no Boletín Oficial do Estado.

Dada en Madrid a vinte de decembro de mil novecentos noventa.

VI. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**L. RÉXIME INTERIOR****PRESIDENCIA**

Convocadas e celebradas eleccións para constituí-la Xunta de Persoal do Parlamento de Galicia de conformidade co título V do vixente Estatuto de persoal (convocatoria publicada no BOPG núm. 101, do 7 de xaneiro de 1991), a Mesa do Parlamento, en reunión celebrada o día 14 de febreiro de 1991, tivo coñecemento da constitución da nova Xunta de Persoal o día 6 de febreiro de 1991, coa seguinte composición:

Xunta de Persoal

Presidente: Enrique Pérez Campos.

Vicepresidente: Hixinio Estévez Adán.

Vocais: Carlos Díaz Abraira.
Jorge Suárez Rodríguez.

Secretaria: Teresa Regúlez Blázquez.

O que se publica para xeral coñecemento e para os efectos de cumpri-lo disposto na norma 21 das reguladoras destas eleccións (BOPG núm. 315, do 14 de novembro de 1988).

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 1991.

O PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

VII. ÍNDICE DE TRAMITACIÓNS DO MES DE FEBREIRO DE 1991**I. PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI****a) Aprobados**

- 1.339 Proxecto de Lei de reforma da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 51. Emendas BOPG n.º 61. Debate de totalidade en Pleno 9/10/90, DS, n.º 35, I.P. BOPG n.º 81, D.C. BOPG n.º 92. Emendas e votos particulares BOPG n.º 92. Debate en Pleno 26/2/91. DS n.º 60.

d) En tramitación

- 1.276 Proxecto de lei de infraccións en materia de protección dos recursos marítimo-pesqueiros.
Tramitación: BOPG n.º 50. Emendas BOPG n.º 60. Debate de totalidade en Pleno 9/10/90, DS n.º 35.

- 1.678 Proxecto de lei de reforma da Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde.
Tramitación: BOPG n.º 63. Emendas BOPG n.º 80. Debate de totalidade en Pleno 27/11/90, DS n.º 41.

- 1.719 Proxecto de Lei de disciplina turística.
Tramitación: BOPG n.º 65. Emendas BOPG n.º 77.

- 1.868 Proxecto de Lei de artesanía de Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 69. Emendas BOPG n.º 96.

- 1.962 Proxecto de lei de reforma da Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego.
Tramitación: BOPG n.º 78. Emendas BOPG n.º 106.

- 2.110 Proxecto de lei galega de medidas básicas para a inserción social.
Tramitación: BOPG n.º 83. Emendas BOPG n.º 113.

2.111 Proxecto de lei de creación da academia galega de seguridade.
Tramitación: BOPG n.º 85.

2.112 Proxecto de lei de coordinación de policía locais.
Tramitación: BOPG n.º 86.

2.135 Proxecto de lei de tributación sobre o xogo e documentación complementaria.
Tramitación: BOPG n.º 95.

2.646 Proxecto de lei de saúde mental da Comunidade Autónoma de Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 98.

2.235 Proxecto de lei de estradas de Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 102.

3.056 Proxecto de lei de creación do ente público de Portos de Galicia, como entidade pública, que asumirá en réxime de empresa mercantil, sometida ó dereito privado, a organización, xestión, explotación e administración dos portos ós que se estenden as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 112.

B. PROPOSICIÓN DE LEI

a) Aprobadas

529 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, de transferencia á Comunidade Autónoma da competencia estatal en materia de portos galegos de interese xeral.

Tramitación: BOPG n.º 18. Debate de toma en consideración en Pleno 2/5/90, DS n.º 13, ACEAPE 29/5/90, BOPG n.º 38. Emendas BOPG n.º 53, I.P. BOPG n.º 75. D.C. BOPG n.º 111, Emendas BOPG n.º 111, Debate en Pleno 26/2/91, DS. n.º 60.

d) En tramitación

610 Proposición de lei sobre revisión do mapa sanitario para creala área de saúde da comarca do Salnés.
Tramitación: BOPG n.º 110.

1.094 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Cándido Sánchez Castiñeiras, sobre os arrendamentos rústicos de Galicia e as parcerías.
Tramitación: BOPG n.º 39.

1.107 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xoán López Facal, de disciplina urbanística.
Tramitación: BOPG n.º 39.

1.319 Proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, do Banco de Terras de Galicia.
Tramitación: BOPG n.º 48.

1.811 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, de modificación do artigo 82 da Lei xeral de sanidade estatal no referente ó financiamento da asistencia sanitaria de Seguridade Social.
Tramitación: BOPG n.º 64. Tomada en Consideración en Pleno o 27/11/90, DS n.º 41. ACEAPE BOPG n.º 100.

2.002 Proposición de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, de modificación da Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega.
Tramitación: BOPG n.º 71.

2.033 Proposición de lei do G.P. Popular de Galicia, de educación e promoción de adultos.
Tramitación: BOPG n.º 71.

2.373 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, de modificación do «Plan general de carreteras 84-91», incluíndo no mesmo as autovías Vigo - Ourense-Verín - Puebla de Sanabria - Benavente e A Coruña - Lugo - Pedrafita - Ponferrada - Benavente.

Tramitación: BOPG n.º 84.

3.181 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, de reforma da Lei 9/1984, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, modificando a composición do Consello de Administración.

Tramitación: BOPG n.º 108.

3.340 Proposición de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, de creación do Instituto de Crédito Galego.

Tramitación: BOPG n.º 114.

3.414 Proposición de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xoán López Facal, de parroquias de Galicia.

Tramitación: BOPG n.º 115.

II. PROPOSICIÓNS NON DE LEI, INTERPELACIÓNS E MOCIÓNS

A. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

780 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre o cumprimento da Lei de normalización lingüística no referente á correcta toponimia dos nosos concellos.

Tramitación: BOPG n.º 30, Sesión plenaria 26/2/91, DS n.º 60. Rexeitada.

Tramitación: BOPG n.º 48, Sesión plenaria 26/2/91, DS n.º 60. Rexeitada.

1.366 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre a creación dun arqueódromo en Galicia ubicado a carón dunha área de descanso da rede viaria da Comunidade.

2.245 Proposición non de lei, do G.P. Popular de Galicia, sobre a adopción de medidas para acadar a liberación polo Goberno iraniano do capitán D. Jesús Manuel Rosales López.

Tramitación: BOPG n.º 70. Recalificación BOPG n.º 93, Sesión plenaria 26/2/91, DS. n.º 60. Aprobada.

B. PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

503 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre a escolarización efectiva dos nenos xitanos e cobertura das prazas pendentes en Santiago e Ferrol.

Tramitación: BOPG n.º 16, Recalificación BOPG n.º 84, Tramitada pola Comisión 4.ª, o día 22/2/91, Rexeitada. BOPG n.º 117.

BOPG n.º 84. Tramitada pola Comisión 5.ª, o día 13/2/91, Rexeitada BOPG n.º 114.

782 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre a ampliación das exencións da materia de lingua galega no ensino. Tramitación: BOPG n.º 30, Recalificación BOPG n.º 84. Tramitada pola Comisión 4.ª, o día 22/2/91. Rexeitada. BOPG n.º 117.

542 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre o balance económico do funcionamento dos fondos de promoción de emprego de Ferrol e auditoría da xestión realizada polo administrador cesado no mes de xaneiro.

Tramitación: BOPG n.º 18. Recalificación

974 Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre a posta en marcha dun plan de urxente recuperación para Cangas.

Tramitación: BOPG n.º 39, tramitada pola Comisión 1.ª, o día 5/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 110.

- 1.563 Proposición non de lei do G.P. Mixto, a iniciativa de D. Xoán López Facal, sobre a grave situación de deterioro ecolóxico creada polo vertedeiro de lixo da Curota, no Barbanza.
Tramitación: BOPG n.º 54, tramitada pola Comisión 2.ª, o día 6/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 111.
- 1.586 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Ramón Félix Blanco Gómez, sobre a realización do proxecto e execución das obras para dota-lo concello de Boborás dun parque público con zona recreativa de xogos infantís, área arborada de descanso e piscina.
Tramitación: BOPG n.º 54, tramitada pola Comisión 2.ª, o día 14/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 114.
- 1.587 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Ramón Félix Blanco Gómez, sobre a realización do proxecto e a execución das obras de infraestrutura relativas ó abastecemento, saneamento e beirarrúas da travesía Almuzara - Boborás, no concello de Boborás.
Tramitación: BOPG n.º 54, tramitada pola Comisión 2.ª, o día 14/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 114.
- 1.788 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre as obras programadas para o porto de Muxía, incluídas no Plan de portos.
Tramitación: BOPG n.º 64, tramitada pola Comisión 8.ª o día 14/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 114.
- 1.813 Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Manuel Varela Rey, sobre a prolongación do peirao de Caión.
Tramitación: BOPG n.º 64, tramitada pola Comisión 2.ª, o día 14/2/91. Retirada, BOPG n.º 114.
- 1.880 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Cortizo Nieto, sobre a elaboración dun programa de defensa da infancia.
Tramitación: BOPG n.º 67, tramitada pola Comisión 5.ª, o día 13/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 114.
- 1.884 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. Miguel Fidalgo Areda e dous deputados máis, sobre a inclusión das delegacións das vilas de Ribadavia e Celanova no traspaso do Conservatorio de Música de Ourense á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Tramitación: BOPG n.º 67, tramitada pola Comisión 4.ª, o día 5/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 112.
- 2.023 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Alberte X. Rodríguez Feijoo, sobre a restitución dos servizos ferroviarios suprimidos pola empresa FEVE da Mariña luguesa.
Tramitación: BOPG n.º 71, tramitada pola Comisión 2.ª, o día 6/2/91. Aprobada, BOPG n.º 111.
- 2.449 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Pilar García Negro, sobre as medidas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a integración social dos minusválidos.
Tramitación: BOPG n.º 84, tramitada pola Comisión 4.ª, o día 5/2/91. Aprobada, BOPG n.º 112.
- 2.519 Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de D. José Antonio Ventoso Mariño, sobre o recoñecemento a nivel profesional dos técnicos especialistas en cultivos mariños da rama marítimo - pesqueira de FP2.
Tramitación: BOPG n.º 84, tramitada pola Comisión 4.ª, o día 22/2/91. Aprobada, BOPG n.º 117.
- 2.877 Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Elisa Madarro González, sobre a difusión e distribución do material didáctico audiovisual elaborado polos centros de recursos.
Tramitación: BOPG n.º 93, tramitada pola Comisión 4.ª, o día 5/2/91. Aprobada, BOPG n.º 112.
- 2.878 Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, a iniciativa de D. Elisa Madarro González, sobre a creación dun corpo de intérpretes mímicos oficiais que faciliten a comunicación dos xordos galegos.
Tramitación: BOPG n.º 93, tramitada pola Comisión 5.ª, o día 13/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 114.
- 2.969 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dña. María Pilar García Negro, sobre a reciclaxe de papel oficial de tódalas dependencias administrativas da Xunta.
Tramitación: BOPG n.º 97, tramitada pola Comisión 1.ª, o día 5/2/91. Aprobada, BOPG n.º 110.

- 2.991 Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dna. María Pilar García Negro, sobre a institucionalización do «Día de Castelao».
Tramitación: BOPG n.º 97, tramitada pola Comisión 1.ª, o día 5/2/91. Rexeitada, BOPG n.º 110.

C. INTERPELACIÓNS

- 1.639 Interpelación de D. Cándido Sánchez Castiñeiras, do G.P. Mixto, sobre a profesionalización da Administración pública.
Tramitación: BOPG n.º 57. Sesión plenaria 26/2/91, DS n.º 60. Retirada.
- 1.938 Interpelación de D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios de prioridade do Goberno galego para a consecución de solo industrial nos distintos concellos de Galicia e o programa de actuacións que se vai desenvolver en Lalín.
Tramitación: BOPG n.º 68. Sesión plenaria 26/2/91, DS n.º 60.
- 1.990 Interpelación de D. Alberte X. Rodríguez Feijoo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da Comisión do Patrimonio para emitir informe favorable á demolición e substitución do edificio do Gran Teatro de Lugo por un bloque de vivendas.
Tramitación: BOPG n.º 93. Sesión Plenaria 26/2/91, DS n.º 60.
- 2.032 Interpelación de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios políticos previstos polo Goberno galego para a potenciación da liberdade de expresión dos medios de comunicación e a concesión de axudas a empresas periodísticas.
Tramitación: BOPG n.º 71. Sesión plenaria 26/2/91, DS n.º 60.

III. PREGUNTAS

a) Con resposta oral en Pleno

- 2.992 Pregunta oral en Pleno de Dna. María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as subvencións e axudas para a rehabilitación de hórreos e outras obras de especial interese cultural.
Tramitación: BOPG n.º 97. Sesión Plenaria 26/2/91, DS n.º 60.
- 3.143 Pregunta oral en Pleno de D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións respecto da adquisición de terreos para amplia-lo actual recinto da CRTVG en San Marcos.
Tramitación: BOPG n.º 108. Sesión Plenaria 26/2/91, DS n.º 60.
- 3.132 Pregunta oral en Pleno de D. Antonio Gato Soengas, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a publicidade da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o 16 de decembro de axudas para a renovación das pradeiras.
Tramitación: BOPG n.º 108. Sesión Plenaria 26/2/91, DS n.º 60.
- 3.245 Pregunta oral en Pleno de D. Camilo Nogueira Román, do G.P. Mixto, sobre o enlace de Galicia con Europa a través de trens rápidos e, en concreto, do TAV.
Tramitación: BOPG n.º 109. Sesión Plenaria 26/2/91, DS n.º 60.

b) Con resposta oral en Comisión

- 3.193 Pregunta oral en Comisión de D. Camilo Nogueira Román, do G.P. Mixto, sobre a avaliación do impacto ambiental das actuacións urbanísticas que se prevén en Cotogrande, no concello de Vigo.
Tramitación: BOPG n.º 108. tramitada pola Comisión 2.ª, o día 14/2/91.

D. MOCIÓNS

3.072 Moción, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a contratación de persoal para a prestación de servizos no Plan de loita contra os incendios forestais.

Tramitación: BOPG n.º 108. Sesión plenaria 26/2/91, DS n.º 60. Rexeitada.

Ver interpelación n.º 619.

c) Con resposta escrita

673 Pregunta con resposta escrita de D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre previsións da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas respecto da execución do trazado do anel de Eiriña no municipio de Pontevedra.
Tramitación: BOPG n.º 24. Resposta BOPG n.º 109.

767 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Barros Puente, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as obras de acondicionamento e mellora do firme da estrada Lalín - Folgoso e previsións do Goberno galego ó respecto.
Tramitación: BOPG n.º 30. Resposta BOPG n.º 109.

881 Pregunta con resposta escrita de D. Xoán López Facal, do G.P. Mixto, sobre o retraso da construción das beirarrúas da estrada de Santiago á Estrada, no tramo que vai desde o cruce do Castiñeiriño ata a ponte do camiño de ferro.
Tramitación: BOPG n.º 31. Resposta BOPG n.º 109.

1.204 Pregunta con resposta escrita de D. José Manuel Chapela Seijo, do G.P. Popular de Galicia, sobre previsións da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas respecto da extensión da mellora da estrada C-550 a tramos das parroquias de Darbo, Hío, Aldán e Beluso.
Tramitación: BOPG n.º 44. Resposta BOPG n.º 109.

1.704 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a Orde do 15 de xullo de 1990 pola que se convoca un curso de formación en lingua galega, nivel elemental, para o persoal da empresa Studio XXI.

Tramitación: BOPG n.º 62. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 108.

1.706 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a creación dunha Comisión técnica que realice os estudos previos para defini-las novas titulacións, anunciada no discurso de investidura do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Tramitación: BOPG n.º 62. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109.

1.783 Pregunta con resposta escrita de D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas no medio rural (Orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, DOG n.º 108, do 5/6/90).
Tramitación: BOPG n.º 64. Resposta BOPG n.º 109.

1.789 Pregunta con resposta escrita de D. Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, respecto da rescisión da concesión administrativa á depuradora de moluscos «Paquito».
Tramitación: BOPG n.º 64. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109. Resposta BOPG n.º 114.

1.791 Pregunta escrita de D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o marisqueo furtivo levado a cabo durante as labours de limpeza e semente dos bancos do Xobre e Areal, na Pobra do Caramiñal, e as previsións da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura ó respecto.
Tramitación: BOPG n.º 64. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109. Resposta BOPG n.º 114.

- 1.792 Pregunta con resposta escrita de D. Antonio Gato Soengas, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o incumprimento do convenio asinado polo Concello de Becerreá e a Compañía de RTVG para a recepción de imaxe da TVG na citada vila.
Tramitación: BOPG n.º 64. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.875 Pregunta con resposta escrita de D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre os datos relativos á política informativa da TVG en relación coas institucións galegas.
Tramitación: BOPG n.º 67. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.887 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a distribución de subvencións a diversas asociacións xuvenís para o financiamento das súas actividades e medidas previstas pola Consellería de Cultura e Xuventude ó respecto.
Tramitación: BOPG n.º 67. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 109.
- 1.890 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á situación laboral dos profesionais da RTVG.
Tramitación: BOPG n.º 67. Recalificada BOPG n.º 108. Retirada BOPG n.º 109. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.911 Pregunta con resposta escrita de Dña. María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os criterios seguidos na nova programación da TVG, o aumento da produción allea e as medidas previstas para a defensa da lingua, a cultura e os intereses galegos.
Tramitación: BOPG n.º 68. Recalificada BOPG n.º 112. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.956 Pregunta escrita de D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre os datos relativos á aplicación en Galicia do programa comunitario STAR.
Tramitación: BOPG n.º 68. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.957 Pregunta con resposta escrita de D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre as previsións do Goberno galego respecto da actual composición e convocatoria do Consello Galego de Turismo.
Tramitación: BOPG n.º 68. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.970 Pregunta con resposta escrita de D. Santos Oujo Bello, do G.P. Mixto, sobre as razóns do censo no índice de audiencia e no número de telespectadores da TVG durante 1990 e as medidas previstas ó respecto.
Tramitación: BOPG n.º 71. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 1.995 Pregunta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións relativas á publicidade institucional e datos referentes ó desenvolvemento e aplicación do Decreto 417/90.
Tramitación: BOPG n.º 71. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109.
- 1.996 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos referentes ás accións de apoio e fomento da investigación consistentes en axudas convocadas por Orde do 22 de xuño de 1990.
Tramitación: BOPG n.º 71. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109.
- 2.000 Pregunta con resposta escrita de D. José Carlos Baños Márquez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios seguidos e os datos relativos á concesión de axudas á que fai referencia a Orde do 20 de abril de 1990 e as causas da denegación da solicitude da sociedade cultural de Cordeiro - Valga.
Tramitación: BOPG n.º 71. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.055 Pregunta con resposta escrita de D. Ramón Félix Blanco Gómez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para integra-los temas de consumo da Consellería de Industria e Comercio e os resultados producidos.
Tramitación: BOPG n.º 76. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.096 Pregunta con resposta escrita de D. Ramón Félix Blanco Gómez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as inspeccións realizadas para detectar as anomalías producidas na utilización de etiquetas de denominación dos viños do Ribeiro e medidas previstas ó respecto.
Tramitación: BOPG n.º 76. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.181 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Cortizo Nieto, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións respecto da creación de delegacións da CRTVG e datos referentes ás existentes.
Tramitación: BOPG n.º 79. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109. Resposta BOPG n.º 114.

- 2.184 Pregunta escrita de D. Carlos A. Gozález Príncipe, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos á concesión de axudas a centros asistenciais acollidos ó PAD.
Tramitación: BOPG n.º 89. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.515 Pregunta escrita de D. José Antonio Ventoso Mariño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións relativas á expedición de carnés de mariscador para a campaña de 1990.
Tramitación: BOPG n.º 84. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.516 Pregunta con resposta escrita de D. José Giráldez Maneiro, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, en relación coa captura de camaróns de talla antirreglamentaria en Camariñas.
Tramitación: BOPG n.º 84. Recalificada BOPG n.º 102. Retirada BOPG n.º 109. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.579 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Fidalgo Areda, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o programa emitido pola TVG o 3 de setembro dedicado monograficamente ó mundo do viño.
Tramitación: BOPG n.º 88. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.582 Pregunta con resposta escrita de D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as declaracións do Excmo. Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria referentes á ubicación da Escola Superior de Enxeñeiros de Montes no campus de Lugo.
Tramitación: BOPG n.º 88. Resposta BOPG n.º 109.
- 2.658 Pregunta con resposta escrita de D. Camilo Nogueira Román, do G.P. Mixto, sobre o retraso do aboamento das subvencións ó deporte ós concellos galegos.
Tramitación: BOPG n.º 88. Resposta BOPG n.º 109.
- 2.813 Pregunta escrita de D. Bonifacio Borreiros Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ó desenvolvemento no presente ano do convenio vixente entre a Xunta de Galicia e a Igrexa católica en materia de conservación e restauración do patrimonio.
Tramitación: BOPG n.º 91. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.
- 2.815 Pregunta con resposta escrita de D. Bonifacio Borreiros Fernández, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos relativos ás obras correspondentes ós investimentos da sección 011 dos presupostos de 1990.
Tramitación: BOPG n.º 91. Resposta BOPG n.º 109.
- 2.816 Pregunta con resposta escrita de D. Roberto Taboada Rivadulla, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións respecto da dotación de persoal e posta en funcionamento da casa da terceira idade de Marín.
Tramitación: BOPG n.º 91. Resposta BOPG n.º 109.
- 2.973 Pregunta con resposta escrita de D. Miguel Fidalgo Areda, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o uso da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia para actividades dunha empresa privada.
Tramitación: BOPG n.º 97. Recalificada BOPG n.º 102. Resposta BOPG n.º 114.